

O Camiño de Santiago

É unha ruta que percorren os peregrinos procedentes de todo o mundo para chegar á catedral de Santiago de Compostela, onde, segundo a tradición, repousan os restos do apóstolo Santiago o Maior. A lenda conta que un regueiro de estrelas, que hoxe coñecemos como Vía Láctea, axudou a Carlomagno a localizar a tumba de Santiago, guiándoo ata Compostela.

Pensa e responde:

1. Para facer o Camiño de Santiago, é necesario pedir a credencial do peregrino. Sabes o que é? Le e elixe marcando unha **X**

- a) Un documento que demostra os lugares polos que pasa.
- b) Un permiso para entrar na catedral.
- c) Unha mochila con equipamento e alimentos.

2. Escribe en cada cadro a palabra que corresponda:

Cabaza zurrón cruz capa sombreiro vieira caxato

